



Un veciño meu que é Manolo de Iglesias, que eu conozo e que é, inda lle dixen onte a Gerardo de Ghasusa, (...) amais el tá bastante ben, tuvo moi enfermo. E criámonos xuntos, ou sea, cada un é da súa casa, pero, éramos veciños.

- Claro!

E, e xa lle levo eu un ano, máis novo ca min. E calquera tontería, os dous tiñamos que sabelas cousas todas. E, e resulta que ghústabame moito o petillo, aos dous. E el na casa del tiñan, que esta xente conóceo, unha muller que había aí nese... Aurora da Maraghata!

- Sí.

Bueno iba ó xornal pa casa de Ighlesias. E resulta que, un día andaba eu cas vacas, e dixo Manolo:

- Oe! Doume, Aurora da Maraghata, doume un raal, vou ir á Eira Vella – a unha taberna. Ir buscar ghas amais aceite – que lle mandaba súa nai, unha botella de ghas e outra de aceite.

Resulta que eu pola Eira Vella encontrei dous macillos, que era o tabaco que había alá en tempos pasados, valían un patacón cada un. Usté xa non sabe o que é un patacón.

- Sí.

Uns des céntimos. Bueno, esto e, e, entonces eran vintacinco céntimos o que, o total que levaban. Pero espera, ho, resulta que... Que queres, marchar?

- Non.

- Ah bueno pos entonces, voulle explicar o conto e despois conto o conto.

Esto, e entonces dixo el...

Eu andaba cas vacas e pasou por onda min e dixo:

- Vou á taberna e vou traere macillos amais unha caixa de cerillas, pra prendere.

Bien, i-eu:

- Despois ven por aquí
- Sí, sí, veño.

E resulta que, veu. E o home non tiña bolsillos no pantalón e entonces deixoume a min xa os petillos e eu quedei fumando, pero, andaba cas vacas e baixaba porque taba, miña nai en pas descanse taba cerca. E se vía o fume do tabaco despois, alumbrábame. E entonces, eu baixábame, botaba o fume e el marchou pá casa, con un macillo empezado e outro enteiro.

Dixo el:

- Non sei onde o vou aghachare, pra que non o vexa miña nai.

E díxenlle eu:



- Mira alí no valo, no muro, no valo. Mételo no burato, naquel burato do valo, poslle unha pedra por diante e aghachalo alí.

Dixo el:

- Amais é certo.

Entonces aghachou alí un macillo. Pero o outro levouno na ghorra. E, maila caixa de cerillas. Pero resulta que cheghou á casa e a nai dixo:

- Que, trouxeches...?
- Si, aí está o ghas e mailo aceite.
- Ai disghraciado, e ti que fixeches?
- E logho?
- E botáchelo, na botella do ghas botáchelo aceite. Ai mala centella te coma, ghalopín! Onde vas?

Pam! Tróuxolle unha mascada á ghorra, alá vai o tabaco mailas cerillas, no chan! Ai! María Santísima a que lle armou despois! El non podía fumare...

- Esto expliqueille o asunto como era, agora se o quere poñer a funcionar.